



**Federacion Galega de Halterofilia**  
Plaza Agustin Díaz 3 - 15008 – A Coruña  
federacion@halterofilia.org - 604067096



**XUNTA  
DE GALICIA**



**DEPORTE  
GALEGO**

Expediente 1/CHCO/2023

Fecha inicio 16/03/2023

Fecha Resolución 30/03/2023

**RESOLUCIÓN SOLICITUDE EXENCIÓN PAGO LICENZAS POR CONCURRIR SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA EN DEPORTISTAS, INSTADA POR CH CORUÑA.**

## ANTECEDENTES

1.- En data 16 de marzo de 2023 procédese a presentar por D. Ferenc Szabo, en nome e representación do Club Halterofilia Coruña, mediante correo electrónico enviado a federación en data 16 de marzo de 2023, en donde literalmente solicita:

“Enviamos 5 fichas de derivación de los Servicios Sociales del Ayuntamiento de A Coruña. Se trata de niños en situación de vulnerabilidad económica. Son 5 deportistas que ya tienen licencia federativa para este año 2023, con las cuotas abonadas, las cuales quedarían en depósito para las 5 siguientes licencias que se tramitarán.”

Asi mesmo vía telefónica D. Ferenc Szabo alega como motivo e xustificación da súa solicitude a existencia dun acordo nunha asemblea xeral da Federación Galega de Halterofilia, onde o presidente manifestou verbalmente que a federación estaría disposta a aboar licenzas nos supostos de vulnerabilidade económica acreditada conforme a lexislación vixente.

2.- En data 17 de marzo de 2023, a Federación procede a contestar a petición de D. Ferenc Szabo en nome e representación do CH Coruña, no sentido de que se procederá por parte da federación ó estudo da documentación aportada e que se procedería a emitir unha resolución da devandita solicitude xa anteriormente descrita.

3.- En data 23 de marzo de 2023, por parte do CH Coruña procédese a enviar novas licenzas y solicita se proceda a utilizar as cuotas aboadas polos cinco menores derivados dende o Concello de A Coruña exentospor encontrarse nunha situación de vulnerabilidade económica. A pesar de que por parte da Xunta directiva ainda non se procedera a resolver sobre a súa petición.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO EN CUANTO O FONDO DO ASUNTO

I.-Basa a súa solicitude o CH Coruña no feito da existencia dunha manifestación verbal do presidente perante o transcurso dunha asemblea xeral da Federeación Galega de Halterofilia. Asi pois consideran que o feito de que o presidente manifestara durante o debate que, a Federacion non consentiría que ninguén deixara de practicar este deporte por mor da súa falta de capacidade económica, e suficiente para establecer unha obriga legal, e polo tanto consitue sin mais un acordo valodamente adoptado perante a asemblea.

Nembargantes, en relación a esta manifestación verbal, durante o debate da asemblea, non ten outra natureza que non sexa unha mera opinión do presidente da Federación, sin valor legal nin



**Federacion Galega de Halterofilia**  
Plaza Agustin Díaz 3 - 15008 – A Coruña  
federacion@halterofilia.org - 604067096



**XUNTA  
DE GALICIA**



**DEPORTE  
GALEGO**

forza obrigatoria e moito menos se pode considerar un acordo válidamente adoptado, xa que carece de dos requisitos esenciais para que se teña esa consideración de acordo válidamente adoptado con natureza de obrigado cumprimento por parte da Xunta Directiva, como son:

- a) Debe de estar Nos puntos DA ORDE DO DIA da asemblea que e vai celebrar.
- b) Debe de procederse a votación dentro dos puntos da orde do día

Aanalizadas as ordes do días das ultimas asembleas, non consta en ningunha punto relativo a exención do precio e abono da licenza para persoas en situación de vulnerabilidade económica. Neste senso a Xurisprudencia e clara ao establecer a necesidade da súa inclusión, como afirma a Sentenza do Tribunal Supremo de 10 de novembro de 2004 entre outras, e o artigo 9 dos Estatutos desta Federación. En consecuencia, non procede a dotar a calquer manifestacion o comentario verbal realizado polos membros da asemblea ou da xunta directiva como norma ou acordo válidamente adoptado, sendo necesario a súa inclusión na orde do dia e votada de forma expresa. Manter o contrario sería dar patente de curso para que calquer manifestación ou ocorrencia manifestada verbalmente no trascurso da asemblea se convertería nun acordo obrigatorio.

II.- A documentación que se acompaña coa solicitude, formularios DE DERIVACIÓN A FUNDACIÓN EMALCSA, non teñen validez legal nin acreditan unha situación de vulnerabilidade económica. E iste é debido a que o concello de A Coruña firmou un CONVENIO coa debandita Fundación, que a súa vez ten convenio tamen co CH Coruña. A validez destes formularios ou DERIVACIÓNS so atinge os membros que forman parte dese convenio, o que non pertence ni ten relación algunha esta Federación.

Asemade, A Fundación Emalcsa constitúese polo **Concello da Coruña** e a súa empresa pública (titularidade do concello da Coruña) municipal **Emalcsa**. A entidade fundadora é a **Empresa Municipal de Aguas de A Coruña S.A. Emalcsa**, cuxo capital social pertence na súa totalidade ao Concello da Coruña. Asi pois a documentación e os formularios de derivación son meramente unha formula de xestión e control, pero non acreditan ou certifican a vulnerabilidade económica.

Sería necesario UN CERTIFICADO o INFORME DE SITUACION DE VULNERABILIDAD ECONOMICA O SOCIAL emitido polos concellos nos que conste una valoración e interpretación profesional o abeiro da lei no seu artigo 36.2 2., entende esta federación que o informe necesario para acceder a esta exención e o que se establece neste precepto, no senso de que Deberá requerirse un informe social realizado pola traballadora ou traballador social, ou Educador Social, de referencia, que contendrá unha valoración da situación ou risco de exclusión social e unha proposta sobre a idoneidade da concreta exención.

Pero en ningún caso entende esta federación, que a “conciliación laboral e familiar” ou “unha política de coñecer o que se pode facer no concello en relación coas actividades” e motivo para solicitar esta exención, e asemade o firma dun Técnico de Apoio Social considera a Federación carece de competencias para firmar e emitir un certificado de situación de vulnerabilidade económica ou social o abeiro do Real Decreto 1074/2012, do 13 de xullo, polo que se establece o título de Técnico Superior en Integración Social.



**Federacion Galega de Halterofilia**  
Plaza Agustin Díaz 3 - 15008 – A Coruña  
federacion@halterofilia.org - 604067096



**XUNTA  
DE GALICIA**



**DEPORTE  
GALEGO**

III.- Por ultimo, a competencia según os estatutos da Federación para aprobar gastos ordinarios dos orzamentos aprobados pola asemblea xeral, e da Xunta Directiva, que será a que teña que acordar a partida presupuestaria máxima a invertir neste concepto, xa que non se pode por en risco a actividade deportiva e o gastos perentorios como salarios, cotizacións e demais provedores dos campionatos organizados. Así pois e necesario regular a cuantía máxima do orzamento, os criterios de desempate ou prelación no suposto de que varios clubs soliciten esta axuda e supere a partida presupuestaria destinada, os documentos que se aceptan para acreditar a situación de vulnerabilidade..etc. Esta regulación a Xunta directiva e consciente de que ten ser realizada coa maior rapidez posible, e debe de estar en vigor na maior brevedade posibel.

En consecuencia, a XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN GALEGA DE HALTEROFILIA en base os argumentos anteriormente sinalados ACORDA RESOLVER:

-DESESTIMAR A SOLICITUDE DE EXENCION DO PREZO DA LICENCIA PARA OS 5 DEPORTISTAS POR MOR DA SUA SITUACION DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA SOLICITADA POLO CH CORUÑA.

-PROCEDER A XUNTA DIRECTIVA A REDACTAR UNHA CIRCULAR QUE REGULE O PROCEDIMENTO DE SOLICITUDE DE EXENCIÓN DE PAGO DO PREZO DE LICENCIA DOS DEPORTISTAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE ECONÓMICA, ASÍ COMO A NATUREZA DOS DOCUMENTOS OBRIGATORIOS QUE DEBERÁN DE SER ACOMPAÑADOS, E POR ULTIMO A PARTIDA ORZAMENTARIA DESTINADA COMO MÁXIMO EN COMPUTO ANUAL PARA ESTAS AXUDAS.

Fdo: Presidente FGH  
David Losada Fernández

Fdo: Secretario FGH  
Albino Ferreira Rivera